

DECLARACIÓN RESPONSABLE: XUIZ/A DE PAZ SUBSTITUTO/A

DATOS DO INTERESADO			
Tipo de persoa: (marcar o que proceda)			
<input type="checkbox"/> Física			
<input type="checkbox"/> Xurídica			
Nome e Apelidos		NIF/CIF	
DATOS DO REPRESENTANTE			
Tipo de persoa: (marcar o que proceda)			
<input type="checkbox"/> Física			
<input type="checkbox"/> Xurídica			
Nome e Apelidos		NIF/CIF	
Poder de representación que ostenta			
DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS			
Medio de Notificacións: (marcar o que proceda)			
<input type="checkbox"/> Notificación electrónica			
<input type="checkbox"/> Notificación postal			
Enderezo:			
Código Postal	Municipio		Provincia
Teléfono	Móbil	Fax	Correo electrónico

OBJECTO DA DECLARACIÓN

Que decatado/a da convocatoria efectuada por este Concello para cubrir o posto de Xuíz/a de paz substituto/a, de acordo co sinalado no Capítulo VI do Título IV da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e no Título III do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de paz,

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

PRIMEIRO. Que reúno todas as condicións establecidas na normativa vixente para poder acceder ao cargo convocado e en particular:

- Posuír a nacionalidade española.
- Ser maior de idade.
- Estar en pleno exercicio dos meus dereitos civís.
- Ser residente nesta localidade, sede do Xulgado de Paz, salvo autorización da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza. (Artigo 15 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de paz).
- Non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade previstas na Lei Orgánica do Poder Xudicial. (Artigo 389).
- Non estar impedido física ou psíquicamente para a función xudicial.
- Non estar condenado por delito doloso.
- Non estar procesado ou inculpado por delito doloso.

SEGUNDO. Que de acordo coa natureza desta Declaración e co disposto no artigo 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, comprométome a poñer a disposición da Administración a documentación que acredita o cumprimento dos requisitos cando por esta me sexa requirida.

TERCEIRO. Que autorizo expresamente ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia para que, no caso de ser nomeado/a para o exercicio do cargo, acceda aos datos que consten no Rexistro Central de Penados.

CONDICIÓNS DA DECLARACIÓN

De conformidade co artigo 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a declaración responsable permitirá o exercicio ou o recoñecemento dun dereito ou ben o inicio dunha actividade **desde o día da súa presentación**, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección que teñan atribuídas as Administracións Públicas.

A inexactitud, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar el cumprimento do declarado, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de

tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houberse lugar.

Así mesmo, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obrigaón do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao comezo da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei, todo iso conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación.

Consentimento e deber de informar aos interesados sobre protección de datos

Fun informado de que este Concello vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña para a tramitación e xestión de expedientes administrativos.

Responsable	Concello de Outes
Finalidade Principal	Tramitación, xestión de expedientes administrativos e actuacións administrativas derivadas destes.
Lexitimación	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a este Concello.
Destinatarios	Os datos cederanse ó Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Non hai previsión de transferencias a terceiros países.
Dereitos	Ten dereito ácceder, rectificar e suprimir os datos, así como calquera outros dereitos que lles correspondan, tal e como se explica na información adicional
Información Adicional	Pode consultar a información adicional e detallada sobre protección de datos no seguinte url www.outes.gal .

En _____, a _____ de _____ de 20__.

Asinado, _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE OUTES.